O DISCURSO DO ODIO EN INTERNET

A rede converteuse nun espazo de expresión aberta da xenofobia, o sexismo, a homofobia e, en xeral, do desprezo ás diferenzas.

Por exemplo, as polémicas en Twitter por chíos racistas son bastante frecuentes. Estudos limitados ao inglés atoparon unha media diaria de 10.000 insultos racistas nesta rede social. Así mesmo, os foros e comentarios nos medios de difusión dixitais recollen, disfrazadas de opinión, discursos de odio. Segundo a análise do Observatorio Proxi en medios españois de ampla difusión, o 60,01% dos comentarios (dun total de 4.451 analizados) son intolerantes. Sete de cada dez comentarios fomentan o discurso do odio.





O odio online pode expresarse a traves de vídeos e imaxes, ademais de mediante palabras. En todo caso, as formas visuais e multimedia soen ter un maior impacto nas actitudes. Este discurso pode dirixirse a grupos vulnerables, mais aumenta especialmente aquel que ten como obxectivo individuos. Nese caso, o impacto pode ser fatal, como no *ciberbullying*, que xa levou ao suicidio en diversos casos. O discurso de odio tamén ameaza a seguridade e a autoconfianza das persoas que se identifican cos grupos agredidos.

As investigacións tamén apuntan a que o contido nesgado das noticias que ofrecen os medios, o uso tendencioso da linguaxe ou un sistema de moderación deficiente son fundamentais. No caso dos usos lingüísticos, hai medios que marcan negativamente ou mesmo criminalizan persoas inmigrantes, refuxiadas, dunha nacionalidade (desde galegos a xitanos) ou cunhas determinadas características. Por exemplo, fálase de “inmigrantes” moitas veces en referencia a potenciais refuxiados, emprégase “crise migratoria” no canto de crise humanitaria. Non son infrecuentes expresións como “repartición de refuxiados” -en lugar de acollida, tratándoos como mercadoría-, “inmigrantes interceptados, detidos ou retidos”, “ilegais”, “carga humana”, etc.

Algúns dos comentarios intolerantes apuntan a estas ideas simplistas: “Aquí non hai traballo para todos”, “Veñen vivir das axudas”, “Son delincuentes, parasitos, mendigos”, “Os musulmáns son potenciais terroristas”, etc. O propio buscador Google amosa estes resultados ao escribir musulmán:



Outro estudo, publicado por investigadores da Universidad de Canterbury conclúe que a exposición a mensaxes intolerantes na rede incrementa a probabilidade de que os lectores e lectoras insiran comentarios do mesmo tipo. Cómpre, logo, evitar que o discurso do odio inunde internet. É perigoso non só porque é nefasto en si, senón tamén porque pode levar a violacións máis graves dos Direitos Humanos, incluíndo a violencia física. Se este discurso non se controla, pode incitar aínda máis tensión social e formas de abuso. Internet non é unha illa, a actividade online é unha faceta máis da sociedade moderna, na que cómpre aplicar as regras xerais das relacións humanas. O discurso de odio na rede ten consecuencias na vida cotiá: as persoas, os sentimentos, as experiencias e as dinámicas son as mesmas.

Estereotipo, prexuízo, rumor e discriminación

O **estereotipo** é unha xeneralización indiscriminada sobre os membros dunha comunidade. Son frecuentes en todos os grupos sociais, pois tendemos a atribuír características dalgúns membros ao grupo ao que pertencen e axúdannos a comportarnos ante situacións novas, pois evitamos o esforzo de interpretar de maneira constante o mundo que nos rodea. De seu non son positivos nin negativos, pero simplifican a realidade. Polo tanto, trátase de crenzas, non sempre conscientes, que nos impiden xulgar de maneira axustada e individualmente, de xeito que acaban creando prexuízos.

Un **prexuízo** é unha actitude hostil cara a persoas que pertencen a un colectivo. Combina as crenzas dos estereotipos, sentimentos, emocións e inclinacións. Adquírense como certezas e son moi doados de transmitir. Ante unha experiencia persoal que contradiga un prexuízo, consideramos que é unha excepción á norma, sen cuestionar as ideas preconcibidas.

Os **rumores** son declaracións sobre persoas ou grupos que se difunden sen que se poida demostrar a veracidade. Son mentiras que acaban en moitas casos adquirindo credibilidade ao haber moita xente que as cre. Os rumores nacen e circulan porque se adecúan ás convicción previas de quen as accepta. Así, os estereotipos e prexuízos son o seu substrato e os rumores á súa vez aliméntanos.

A **discriminación** cultural é a acción de intolerancia determinada polas actitudes prexuizosas. Diríxese xustamente aos grupos de poboación que se perciben de xeito homoxéneo e pode supoñer marxinación e exclusión social: dificultades para o acceso a bens culturais, limitación de oportunidades no mercado laboral, etc. En calquera caso, condiciona as interaccións sociais e segrega. Pode dar pé a crimes de odio.

Formas de discriminación

- Discriminación contra persoas discapacitadas, física ou mentalmente.
- Discriminación por idade, especialmente con persoas de idade avanzada.
- Clasismo ou discriminación contra as personas debido á súa condición social ou económica (diñeiro das familias, tipo de roupa...).
- Homofobia, odio ás persoas que son ou que se cre que son gais, baseado na idea de que a homosexualidade está mal ou que todos somos heterosexuais.
- Islamofobia: medo ou odio ás persoas que son ou son percibidas como musulmás ou de descendencia árabe.
- Racismo: discriminación contra as personas a causa das súas características físicas, tales como cor de pel ou forma dos ollos.
- Xenofobia: discriminación contra calquera que se perciba como estranxeira ou allea ao propio grupo, nación ou cultura.
- Sexismo: discriminación baseada no sexo.
- Discriminación por peso, especialmente contra persoas con sobrepeso e obesidade.

Que se pode facer?

1. A maioría das compañías de Internet (Facebook, Twitter, Amazon, YouTube, etc.) amosan as políticas da empresa sobre odio cibernético e permiten rexistrar denuncias e queixas. Polo que sempre é útil rexistrarse como usuario no medio, se é preciso, e solicitar a retirada de comentarios degradantes.

2. Un paso importante xa é manifestarse noutros espazos de maneira xeral en contra das mensaxes de odio vistas. E do mesmo xeito, crear contido positivo de respecto pola diversidade e de apoio ás persoas que son obxecto de discriminación. Pode ser simplemente amosar empatía coas vítimas, apelar ás emocións amosando as consecuencias, poñéndonos no seu sitio, achegando feitos e datos que permitan comprender a situación...

3. A opción de responder directamente a persona discriminadora só se tomará se se considera apropiado e seguro. Como facelo? Con intervencións que fomenten o coñecemento da realidade e a reflexión, nunca con acusacións nin reproducindo as normas sociais, pois dese xeito seguramente se produza o efecto contrario. Velaquí un exemplo negativo coa opción positiva:

4. Pode axudar falar con parentes, amigos e compañeiros da clase sobre o visto.
5. Tamén podemos actuar como un aliado da vítima, apoiala.

Algunhas estratexias para elaborar respostas:

ESTRATEXIAS DE RESPOSTA



Adaptado de http://ajuntament.barcelona.cat/